

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE XULLO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 26 de xullo de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 1a e 1b)
D. Ruben Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 5a e 6a)
D. Jesús Nuñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 5b e 6b)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe de Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5c e 6c)
D. Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, suplente do xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 5c e 6c)
D^a María Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 9a e 10a)
D^a María del Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441) (dar conta da corrección do informe baixas temerarias)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados a esta licitación. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese aos membros da Mesa que na sesión do 8 de xullo de 2022 recíbese o informe asinado polo xefe da Área de Inversións do 30 de xuño de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NARON S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

Detectado un erro aritmético na determinación do valor resultante para a presunción de temeridade, en relación ao cálculo do Br, o 18 de xullo de 2022 a Mesa recibe informe técnico de rectificación asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Inversións na mesma data.

Á vista do devandito informe a Mesa iniciar novamente o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NARON S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Encauzamento das escorrentías superficiais no contorno da rúa Paz Pardo" (1.082-441) (dar conta da corrección do informe baixas temerarias)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados a esta licitación. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese aos membros da Mesa que na sesión do 8 de xullo de 2022 recíbese o informe asinado polo xefe da Área de Inversións do 30 de xuño de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NARON S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

Detectado un erro aritmético na determinación do valor resultante para a presunción de temeridade, en relación ao cálculo do Br, o 18 de xullo de 2022 a Mesa recibe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



informe técnico de rectificación asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Inversións.

Á vista do devandito informe a Mesa iniciar novamente o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NARON S.L. por canto a súa oferta está incursoa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto á xefatura de Deportes e o xefe do Servizo de Deportes de datas 15 e 18 de xullo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor", así como o informe que corrixe o anterior de data 22 de xullo. A Mesa acepta por unanimidade o segundo dos informes que acto seguido publíquese no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe da Área de Benestar Social de data 14 de xullo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor", así como o informe que corrixe o anterior de data 22 de xullo. A Mesa acepta o segundo dos informes e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento a SALZILLO SERVICIOS por non acadar o limiar mínimo de puntuación fixado para este criterio (25 puntos) esixido apartado 7.A.1 das FEC- do PCAP.

Acto seguido publíquese no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a



service” (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe de Servizo de Administración Electrónica e o xefe de Servizo de Extinción de Incendios de data 19 de xullo de 2022 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”. A Mesa acepta o informe e acorda, por unanimidade, excluír deste procedemento a EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L. por non cumprir os requisitos, en canto a linguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Licitador	Redución do prezo da parte fixa do contrato	% de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G desta FEC para as limpezaas especializadas de moquetas e practicables de ximnasia, virus, fungos e bacteria	% de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G desta FEC para as limpezaas especializadas de cristais en altura e limpezaas en altura, así como conducións de aire:	% de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G desta FEC para as limpezaas especializadas de resinas	% de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G desta FEC para as limpezaas extraordinarias de eventos deportivos e COVID	% de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G desta FEC para os supostos de modificacións da parte fixa do contrato:	Ecoetiquetas tipo I:
1 EULEN, S.A.	2.823.203,76 €	41,66 %	46,53 %	48,80 %	0,15 %	16,64 %	SI
2 GARBIALDI, S.A.	623.948,45 €	99,99 %	99,99 %	99,99 %	99,99 %	99,99 %	SI
3 LIMPIEZAS CIES, S. L.	558.610,32 € (anual)	63,30 %	66,36 %	67,79 %	31,23 %	46,27 %	SI
4 SACYR FACILITIES, S.A.	649,684,02 €	15 %	15 %	15 %	9,84 %	9,84 %	SI
5 SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A	645.444,00 €	59,88 %	59,88 %	59,88 %	3,72 %	8,74 %	SI
6 SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.	2.477.100,00 € (4 anos)	61,07 %	33,56 %	30,75 %	14,19 %	26,86 %	SI

Asisten á apertura:

- D. Roberto Falque González, con DNI número ****.*57.46***, en representación de LIMPIEZAS CIES, S.L.
- D^a. Concepción García Diéguez, con DNI número ****.*62.46***, en representación de SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.
- D. Alejandro Puig García con DNI número ****.*72.79***, en representación de SACYR FACILITIES, S.A.



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Aportación dunha xornada laboral completa anual dun/dunha diplomado/a ou grao en educación social, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro (Si/Non)
1	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	2.273.165,34 €	SI
2	Fundación SAMU	2.279.992,29 €	NON
3	Grupo 5 Acción y Gestión Social SA	2.261.695,91 €	SI
4	SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A.	2.196.742,49 €	NON

Asisten á apertura:

- D^a. Graciela Fernandez Martinez con DNI número ****.*77.94*** en representación de CRUZ ROJA ESPAÑOLA.
- D^a. Raquel Díez Nogueira con DNI número ****.*41.78***, en representación de SAMAÍN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.
- D^a. María del Pino García Álvarez con DNI número ****.*07.20***, en representación de GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo do contrato	Número de horas de soporte ao usuario a maiores do mínimo de 10 horas/mes fixado no punto 2.e do PPT
1	Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste, S.L.	42.872,50 €	10 horas

Asiste á apertura D. Pablo Leiro Domínguez, con DNI número ****.*01.50***, en representación de CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 18 de xullo de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9.215-335) na seguinte orde descendente:

LOTE	CLASIFICACIÓN	LICITADOR	Puntuación TOTAL
------	---------------	-----------	------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	54,60
2	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	VIGO POR LA DANZA	44,50
	3º	BIGLAB, S.L.U	33
3	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BIGLAB, S.L.U	33
4	1º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70
	2º	BARAFUNDA, S.L.	58,53
5	1º	BARAFUNDA, S.L.	70,79
	2º	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L	70

Segundo.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L (lotes 1, 2, 3 e 4) (B-36898005) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5) (B-27756402), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto de servizos para organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (9.516-336)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aberto de servizos para organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (9.516-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.-Autorizar a tramitación URXENTE do expediente de contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro, pendente de contratar e que forma parte do programa Verán Xove 2022 (9488-336).

2º.- Autorizar o gasto de 55.533,76 euros , correspondente ao valor total do contrato de Servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro de 2022 , e para todo o período do contrato, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 465 prazas de actividades de verán 2022.

O orzamento para o ano 2022 será de 55.533,76 euros , que se imputará á partida orzamentaria 3370.227.99.12 "Campamentos de Verán" e 3370 226.09.01 " Formación e Ocupación do tempo libre", por incluír dentro do obxecto deste contrato actividades de educación non formal e de tempo libre, sendo á súa vez un obxectivo xeral de todo o programa o facilitar unha alternativa lúdica e formativa, de lecer e tempo libre.

O importe do contrato correspondente aos LOTES 1,2,3,4 e 5 é de 55.533,76 € dos cales:

- 8.584,77 € serán con cargo a REM 2021 227.99.12.*
- 4.800,00 € con cargo REM 2021 226.09.01.*

42.148,99 € con cargo 3370. 227.99.12 do orzamento corrente e a súa bolsa de vinculación coa seguinte distribución orzamentaria nos seguintes LOTES:

LOTES	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO
LO LOTE 1	7,074.09 €	10% IVE	7,781.50 €
LO LOTE 2	7,074.09 €	10% IVE	7,781.50 €
LO LOTE 3	5,558.63 €	10% IVE	6,114.50 €
LO LOTE 4	5,922.72 €	10% IVE	6,515.00 €
LO LOTE 5	24,855.69 €	10% IVE	27,341.26 €

IMPORTE TOTAL 5 LOTES=55.533,76 €



IMPORTE CORRESPONDENTE AO IVE= 5.048,53 €

IMPORTE TOTAL 5 LOTES=50.485,23 euros, + 5.048,53 IVE =55.533,76 euros

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 7 de xullo para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro para un total de 465 prazas, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 28 de xuño.

4º.- Acordar a apertura do procedemento urxente de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos para organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (9.516-336) na seguinte orde descendente:

- Lote nº 1: VERÁN EN SAMIL

	Licitador	Puntuación total
1	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE GALICIA S.L.	100

- Lote nº2.- VERÁN EN ALCABRE

	Licitador	LOTE	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN	LOTE 2	100

- Lote nº3.- LUDOTECA EN VIGOZOO

	Licitador	LOTE	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL,	LOTE 3	100





	Licitador	LOTE	Puntuación total
	S.L.		

- Lote nº4.- VERÁN EN NAVIA

	Licitador	LOTE	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	LOTE 4	100

- Lote nº5.- CAMPAMENTO URBANO

	Licitador	LOTE	Puntuación total
1	SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU	LOTE 5	80
2	ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL	LOTE 5	53,65

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE GALICIA S.L. (lote 1) (B-27774843), DANIELA ALVITE WAISMAN (lote 2) (44.844.142-F), XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 3 e 4) (B-27762681) e SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU (lote 5) (B-94011665), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE GALICIA S.L. (lote 1) (B-27774843), DANIELA ALVITE WAISMAN (lote 2) (44.844.142-F), XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 3 e 4) (B-27762681) e SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU (lote 5) (B-94011665), o día 21 de xullo de 2022, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.



Cuarto.- En data 22 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

"1º.-Decidir non adxudicar o lote 2 do procedemento aberto de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (expediente 9516-336) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo deste informe.

2º.- Iniciar os trámites correspondentes para, se procedese, compensar aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares."

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de xullo de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE GALICIA S.L. (lote 1) (B-27774843), DANIELA ALVITE WAISMAN (lote 2) (44.844.142-F), XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 3 e 4) (B-27762681) e SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU (lote 5) (B-94011665), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosa para a administración contratante son as formuladas por ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE GALICIA S.L. (lote 1) (B-27774843), DANIELA ALVITE WAISMAN (lote 2) (44.844.142-F), XERMOLO DINAMIZACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 3 e 4) (B-27762681) e SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU (lote 5) (B-94011665), de acordo co acordo da Mesa de Contratación do 20 de xullo polo que se lle outorgou a máxima puntuación por tratarse do único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Adxudicar a ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE GALICIA S.L. (B-27774843) o lote 1 do procedemento aberto de servizos para organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (9.516-336) coas seguintes condicións:

- O prezo total do lote 1 "VERÁN EN SAMIL" é de 6.655,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 605,00 euros.*
- Achega bolsas ou mochilas con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.*
- Achega gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.*
- Achega unha persoa con formación específica en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, se os houbera.*

SEGUNDO.- Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27762681) os lotes 3 e 4 do procedemento aberto de servizos para organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (9.516-336) coas seguintes condicións:

Con respecto ao lote 3:

- O prezo total do lote 3 "LUDOTECA EN VIGOZOO" é de 5.813,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 528,46 euros.*
- Achega gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.*
- Achega unha persoa con formación específica en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, se os houbera.*
- Achega tres (3) monitores con formación específica en igualdade.*

Con respecto ao lote 4:

- O prezo total do lote 4 "VERÁN EN NAVIA" é de 6.362,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 578,42 euros.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- b) *Achega gorras con serigrafías co logotipo Concello de Vigo para todos/as participantes.*
- c) *Achega unha persoa con formación específica en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, se os houbera.*
- d) *Achega tres (3) monitores con formación específica en igualdade.*

TERCEIRO.- Adxudicar a SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU (B-94011665) o lote 5 do procedemento aberto de servizos para organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (9.516-336) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do lote 5 "CAMPAMENTO URBANO" é de 25.201,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.291,00 euros.*
- b) *Achega unha persoa con formación específica en Educación Especial ou Integración Social para a atención de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, se os houbera.*
- c) *Achega tres (3) monitores con formación específica en igualdade.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:10 horas, logo dun receso entre as 11:10 e as 12:05 horas para a comprobación da documentación do expediente 9516-336 por parte da Mesa.

De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:37	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAC44-8359EF-235589-URTY4N-KBFXAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		